

CADERNO DE TAREFAS DO TEMA 9: A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

- REALIZA AS TAREFAS QUE INDIQUE A PROFESORA NA TÚA LIBRETA.
- AS TAREFAS SE FAN A BOLÍGRAFO (PARA PENSAR E REFLEXIONAR BEN AS RESPOSTAS ANTES DE ESCRIBIR).
- AS CORRECCIÓN FARANSE SEMPRES CON BOLÍGRAFO VERMELLO (PARA VER BEN OS ERRORES E APRENDER DELES AO REPASAR PARA O EXAME).
- AS TAREFAS TEÑEN QUE ESTAR BEN PRESENTADAS E ORGANIZADAS, COMPLETAS E BEN CORRIXIDAS.
- SE FALTAS A CLASE, CANDO ESTEAS RECUPERADO, TERÁS QUE REALIZAR AS TAREFAS PENDENTES PARA NON PERDER O RITMO DAS CLASES.

INTRODUCCIÓN

1. Explica o sentido desta frase: *A importancia da Revolución Industrial é comparable á da denominada “revolución neolítica”.*
2. Observa o seguinte cadro e **redacta de maneira coherente** como se evoluciona das actividades artesanais cara as industriais.

A ARTESANÍA FRONTE Á INDUSTRIA		
ARTESANÍA	CRITERIOS DE COMPARACIÓN	INDUSTRIA
Obradoiro	¿ONDE?	Fábrica
Manual	TRABALLO	Mecánico
Ferramentas	TECNOLOXÍA	Máquinas-ferramentas
Humana e animal. Vento, auga...	FONTES DE ENERXÍA	Carbón, petróleo, electricidade
O artesán realiza todo ou grande parte do proceso	DIVISIÓN DO TRABALLO	Cadea de montaxe, <i>taylorismo</i>

3. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

- O aumento de poboación provocou unha maior demanda de alimentos.
- Pola razón anterior os prezos dos produtos agrícolas baixaron.
- Durante o s. XX o campo comezou a mecanizarse.
- No s. XIX introdúcense cultivos moi productivos como a pataca ou o millo.
- Practicando o sistema Norfolk obtéñense menos beneficios que mantendo o barbeito.
- A privatización das terras comunais inglesas produxo o aumento de beneficios económicos.
- O aumento da produción agrícola e industrial inglesa impórtanse menos cousas polo que o diñeiro “non sae” do país.
- A poboación inglesa comeza a alimentarse peor no s. XIX.

A PRIMEIRA FASE DA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

4. Observa os mapas e **redacta de maneira coherente** como foi a expansión do ferrocarril e os seus efectos. Pensa e ordena as ideas que queres expresar antes de comezar a redacción. Podes empregar os nomes dos países e termos como:

“First comers”


Rede de ferrocarril densa/ escasa

Boa/mala conexión de rexións

Aumento/diminución de intercambios comerciais

Aumento de demanda produtos siderúrxicos

Aumento/diminución da mobilidade das persoas



A SEGUNDA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

5. En que se diferencia unha fábrica dun taller artesanal?

Que é unha cadea de montaxe?

6. Realiza un cadro comparativo sobre a primeira e a segunda fase da Revolución Industrial. Ten que ter os seguintes apartados: países importantes, sectores importantes, materias primas importantes, fontes de enerxía empregadas, “outros avances”.

OS EFECTOS DA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

7. Le o seguinte texto e responde ás preguntas:

“En esta fábrica trabajan mil quinientas personas, y más de la mitad tienen menos de quince años. La mayoría de los niños están descalzos. El trabajo comienza a las cinco y media de la mañana y termina a las siete de la tarde, con altos de media hora para el desayuno y una hora para la comida. Los mecánicos tienen media hora para la merienda, pero no los niños ni los otros obreros (...). Cuando estuve en Oxford Road, Manchester, observé la salida de los trabajadores cuando abandonaban la fábrica a las doce de la mañana. Los niños, en su casi totalidad, tenían aspecto enfermizo; eran pequeños, enclenques e iban descalzos. Muchos parecían no tener más de siete años. Los hombres en su mayoría de dieciséis a veinticuatro años, estaban casi tan pálidos y delgados como los niños. Las mujeres eran las de apariencia más saludable, aunque no vi ninguna de aspecto lozano (...). Aquí vi, o creí ver, una raza degenerada, seres humanos achaparrados, debilitados y depravados, hombres y mujeres que no llegarán a ancianos, niños que nunca serán adultos sanos. Era un espectáculo lúgubre (...).”

Charles Turner Thackrah. Los efectos de los oficios, trabajos y profesiones, y de las situaciones civiles y formas de vida, sobre la salud y la longevidad. 1832.

Cal é a idea principal do texto?

Cales serían as palabras ou conceptos máis destacables do texto para a súa comprensión?

En que tipo de condicións traballaba o proletariado no s. XIX?

8. Le o artigo do seguinte enlace e responde ás preguntas.

<https://www.iagua.es/blogs/agueda-garcia-durango/gran-hedor-ninguna-ciudad-ha-olido-tan-mal-como-londres-1858>



O GRAN FEDOR

A que lle chamaron os ingleses o Gran Fedor?

Cales foron as causas?

Como relacionaron na época a propagación do cólera e a contaminación?

Quen foi John Snow? E Joseph Bazalgette? Explica brevemente os seus logros.

A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL EN ESPAÑA E GALIZA

9. Usa este link (<http://mapas.consellodacultura.gal/escolas/>) para acceder á web do Consello da Cultura Galega adicado ás escolas da emigración, localiza unha escola no mapa da web e elabora un pequeno informe no que figuren. Se é posible pega tamén unha fotografía da escola.

- Nome e localización da escola.
- Ano de construción
- Promotor
- Uso no pasado
- Uso actual

Por que pensas que era importante a construción de escolas en Galiza no s. XIX e primeira metade do s. XX?

10. Houbo emigración na túa familia. Recopila información preguntando aos teus avós, pais, tíos...e **elabora unha presentación dixital contando a historia.** Podes empregar mapas, fotos...

A nota do “traballo diario” incrementárase se realizas unha presentación oral en clase. Anímate!

